

XIII Premios de Teatro  
**María Casares**



25 de marzo 2009  
Teatro Rosalía Castro • A Coruña

Organiza



Patrocinada



Colabora



Patrocinada



**DOSSIER DE PRENSA**

**XIII Premios de Teatro María Casares**

## os galardóns da escena galega

Os Premios María Casares son os galardóns de carácter anual que distinguen as producións escénicas galegas feitas en lingua galega. Outórganse no ámbito da comunidade autónoma ás montaxes estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan.

Creados e promovidos no ano 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) cumpren a misión de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega na súa integridade, dende os maquilladores, vestiaristas, iluminadores, músicos, guionistas, adaptadores, tradutores, autores, escenógrafos, iluminadores e directores ata o corpo actoral.

Os galardóns constan de trece categorías ou apartados representativos do traballo realizado ademais do Premio de Honra “Marisa Soto”, que se numeran a continuación:

- Maquillaxe
- Vestuario
- Iluminación
- Música orixinal
- Adaptación/Tradución
- Texto orixinal
- Escenografía
- Actor secundario
- Actriz secundaria
- Actor protagonista
- Actriz protagonista
- Dirección
- Espectáculo



## a Asociación de Actores e Actrices de Galicia

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a preto de 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia, cuxa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Dende a súa constitución en 1985, a AAAG foi consolidando a súa representatividade e gañando posicións. Hoxe é o interlocutor de referencia entre as administracións públicas e o sector empresarial escénico e audiovisual e un dos axentes culturais con máis presenza pública en Galicia. E todo cun papel proactivo, que se singulariza polo lanzamento de iniciativas produtivas que contribúen a xerar emprego para os asociados.

En materia laboral e de representatividade sectorial a asociación reivindica melloras e trata de garantir o cumprimento dos convenios; presta asesoramento laboral e xurídico aos socios; xestiona unha bolsa de emprego e actualiza un catálogo de profesionais asociados, en versión impresa, dixital en formato DVD e on line. Ademáis organiza cursos de formación e ofrece unha axenda con información sobre eventos, cástings, cursos e bolsa de traballo, mantén unha biblioteca virtual de textos de teatro e lecturas dramatizadas e elabora estudos e informes sobre o sector.

Na actualidade a Asociación de Actores e Actrices de Galicia está inmersa nun proceso de reformulación expansiva das súas funcións e servizos, que se traduce na ampliación do seu cadro de persoal e na presentación dunha oferta de actividades que garanta o necesario equilibrio entre a continuidade de acción, cuxa utilidade social foi debidamente contrastada, obtendo un constante recoñecemento e respaldo financeiro por parte da AGADIC, AISGE, SGAE e outras entidades públicas, e con outros novos servizos para atender a un espectro maior de públicos, desde un enfoque de fomento da demanda cultural en Galicia e de apoio á vertebración do noso sector escénico e audiovisual.

## unha actriz universal

As razóns que levaron á Asociación de Actores e Actrices de Galicia a bautizar os galardóns da escena galega co nome de María Casares vense sustentadas na propia biografía e nunha dilatada carreira profesional, merecedora de lle render homenaxe, de quen foi a primeira actriz galega de proxección internacional.

María Casares estudou interpretación no Conservatorio de París, onde conseguiu entrar en 1941 malias dificultades cun idioma que aínda non dominaba. O seu primeiro papel profesional foi en *La Celestina*. En outubro de 1943 representou con grande éxito a obra de Georges Neveux *El viaje de Teseo* e protagonizou varias obras escritas por Camus, como *El malentendido*, *Estado de sitio* y *Los justos*, ademais de obras de Sartre, Jean Anouilh, Jean Cocteau, Genet y Claudel, convertíndose na musa do existencialismo francés.

En 1949 entra na Comédie Française e cinco anos máis tarde no Teatro Nacional Popular (TNP), compañía pública cunha forte preocupación social. Deu vida ás grandes protagonistas dos dramaturgos máis recoñecidos, como Lady Macbeth, María Tudor ou Ana Petrova, en obras de Shakespeare, Víctor Hugo, Antón Chéjov, Ibsen ou Eurípides, entre outros.

Iniciouse no cine cun papel secundario nunha película de Marcel Carné, *Os nenos do paraíso* e en 1944, protagoniza *As damas da Fraga de Boloña* de Robert Bresson. Jean Cocteau dirixiuna en *Orpheo* (1950).



A súa residencia en París non foi libremente escollida senón produto do exilio. María Casares Quiroga acompañou a seu pai Santiago Casares Quiroga, quen fora ministro e xefe de Goberno da República durante o Goberno de Manuel Azaña, en 1939, pouco antes do final da Guerra Civil. Por este motivo representa a unha gran cantidade de artistas galegos que por razóns políticas e/ou económicas se viron forzados a emigrar.

Aínda que na etapa anterior o seu éxito fora silenciado en España, en 1977 voltou para representar *El Adefesio*, de Rafael Alberti, en Madrid e Barcelona. En 1989 conseguiu o Premio Molière á mellor actriz de teatro e foi nominada aos César. Recibiu do Goberno francés o Premio Nacional de Teatro, e en España, a Medalla ao Mérito das Belas Artes. Obtivo o Premio Segismundo da Asociación de Directores de España.

Sendo a cidade da Coruña a que acolle a celebración destes Premios de Teatro de Galicia, era de xustiza que a denominación dos mesmos recaera nunha das fillas predilectas. A propia María Casares aceptou que os premios de teatro de Galicia levasen o seu nome, pero o seu pasamento en 1996 impediulle asistir á primeira edición dos mesmos.

**María Casares tivo que deixar Galicia polo exilio xunto ó seu pai, Santiago Casares Quiroga, xefe de Goberno da República pouco antes do fin da Guerra Civil. En 1977 actuou por primeira vez nun teatro español**



## a historia dos premios

A historia dos Premios María Casares de Teatro remóntase ao ano 1997, trece anos antes desta última edición, cando por iniciativa da Asociación de Actores e Actrices de Galicia se instituíron os primeiros premios que recoñecían a labor dos profesionais que fan teatro en galego dentro na nosa comunidade autónoma, enchendo un oco baleiro ata o momento no eido do recoñecemento e estímulo aos artistas e os técnicos da escena do país.

Os premios son concedidos dende o criterio dos propios compañeiros de profesión, integrados nun censo de electores conformado polos 300 asociados da AAAG, todos os gañadores e finalistas das edicións anteriores, os programadores de toda Galicia, os críticos e estudosos teatrais. A idea é promocionar e colocar o teatro no lugar que merece dentro das artes e da cultura.

A convocatoria dos Premios María Casares de Teatro realízase todos os anos facendo coincidir o seu fallo e entrega coa celebración do día Mundial do Teatro, o 27 de marzo. Cando coincide esta data cun día entre o venres e o domingo postérgase ou adiántase na semana. Este é o caso da presente edición, que por iso se celebra o día 25, mércores, no Teatro Rosalía da Coruña.

Dende 1997 foron ducias de actores, actrices, maquilladores, deseñadores, músicos, autores, escenógrafos, directores, compañías e promotores a prol da dramaturxia galega que viron recoñecido o seu traballo e dedicación.

**A relación de premiados nas doce edicións anteriores pode consultarse en:**

***<http://www.aaag.es/premios.php?mod=lista>***

## o premio de honra 2009

A Xunta Directiva da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) acordou outorgar o Premio de Honra “Marisa Soto” 2009 dos Premios de Teatro María Casares á escritora e xornalista Ana Romaní (Noia, 1962), como recoñecemento do seu labor a prol do teatro, o audiovisual e da cultura galega en xeral, á fronte do Diario Cultural da Radio Galega, que dirixe dende hai 19 anos. Romaní recibirá o premio o próximo día 25 de marzo, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, no transcurso da XIII Gala dos Premios de Teatro María Casares que organiza a Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

O Diario Cultural é un dos programas diarios de información cultural máis veteranos da radiodifusión galega. Comezou en 1990 e concíbese como un espazo de información, plataforma de divulgación cultural e foro de reflexión e debate atento ás novas fórmulas artísticas e creativas.

O Premio de Honra Marisa Soto 2009 súmase ós numerosos recoñecementos á traxectoria de Ana Romaní como: I Premio Irmandade do Libro (1992). Premio Xerais á cooperación no labor cultural (1999), Premio San Martiño á Normalización Lingüística e Cultural (2002), Premio da Asociación de Escritores en lingua Galega (2007), Premio ao Fomento da Lectura na modalidade de radio da Federación de Gremios de Editores de España (2007) e Premio Atlantida á xornalista radiofónica do Gremi de Editors de Catalunya (2008).



**Ana Romaní recibe co Premio de Honra o recoñecemento a unha dilatada traxectoria non só na radiodifusión senón tamén en diversos proxectos artísticos**

## a gran festa do teatro galego

Todos os anos o Teatro Rosalía Castro da Coruña acolle a Gala dos Premios de Teatro María Casares, facendoa coincidir co Día Internacional do Teatro. Este ano a cita é o mércores 25 de marzo.

A elección da cidade da Coruña como anfitroa da celebración débese ao lugar de procedencia da persoa que da nome aos Premios, a actriz María Casares, filla predilecta da cidade.

O evento é retransmitido pola televisión pública de Galicia e cada ano a súa celebración responde á intención de destacar ou reivindicar un aspecto determinado da profesión ou do sector.

Previamente a Festa dos Nominados, celebrada o pasado 10 de marzo no Pazo da Cultura de Narón, concíbese como un evento festivo no que se dan a coñecer públicamente todos os artistas e profesionais nomeados que optan a unha distinción nos Premios e tamén serve como punto de encontro entre os actores e actrices, directores, autores, o resto dos traballadores teatrais e os distintos axentes sociais.



**A maior parte dos nominados ós premios durante a Festa celebrada o pasado 10 de marzo no Pazo da Cultura de Narón**

## os nominados

### MELLOR ESPECTÁCULO

Aeroplanos	Lagarta lagarta
Obra (No comment)	PT Excéntricas
Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico

### MELLOR DIRECCIÓN

Candido Pazó	E ti, quen vés sendo?	Talía Teatro
Quico Cadaval	Obra (No comment)	PT Excéntricas
Xúlio Lago	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico

### MELLOR ACTRIZ PROTAGONISTA

Elina Luaces	O club da calceta	Teatro do Morcego
Luisa Merelas	O club da calceta	Teatro do Morcego
María Bouzas	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico

### MELLOR ACTOR PROTAGONISTA

Ernesto Chao	Aeroplanos	Lagarta lagarta
Víctor Mosqueira	Obra (No comment)	PT Excéntricas
X. M. Olveira "Pico"	Aeroplanos	Lagarta lagarta

### MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA

Belén Constenla	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico
Lucía Regueiro	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico
Rebeca Montero	A boa persoa de Sezuán	C. Dramático Galego

### MELLOR ACTOR SECUNDARIO

Artur Trillo	E ti, quen vés sendo?	Talía Teatro
César Cambeiro	A boa persoa de Sezuán	C. Dramático Galego
Josito Porto	Dame veneno, eu tamén soñar	Sarabela Teatro

### **MELLOR ESCENOGRAFÍA**

Antonio Pereira	Dame veleno, eu tamén soñar	Sarabela Teatro
Baltasar Patiño	Obra (No comment)	PT Excéntricas
Carlos Alonso	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico
Fernando Ribeiro	A boa persoa de Sezuán	C. Dramático Galego
Pablo Giráldez “Pastor”	Bailadela da morte ditosa	Teatro de Ningures

### **MELLOR TEXTO ORIXINAL**

Candido Pazó	E ti, quen vés sendo?	Talía Teatro
Quico Cadaval	Obra (No comment)	PT Excéntricas
Teresa Moure	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico

### **MELLOR ADAPTACIÓN/TRADUCIÓN**

Avelino González e Olga F. Nogueira	Aeroplanos	Lagarta lagarta
María Reimóndez e Celso Parada	O club da calceta	Teatro do Morcego
Pancho Pillado	Náufragos	Teatro Galileo

### **MELLOR MÚSICA ORIXINAL**

Fran Pérez “NARF”	A boa persoa de Sezuán	C. Dramático Galego
Manecas Costa	Humor neghro	Abada Teatro
Suso Alonso	Obra (No comment)	PT Excéntricas

### **MELLOR ILUMINACIÓN**

Afonso Castro	Periferia	Voadora
Baltasar Patiño e Octavio Más	Obra (No comment)	PT Excéntricas
Xúlio Lago	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico

### **MELLOR VESTIARIO**

Carlos Alonso	Unha primavera para Aldara	Teatro do Atlántico
Clotilde Vaello	Frida	A Internacional
Ruth D. Pereira	Dame veleno, eu tamén soñar	Sarabela Teatro

### **MELLOR MAQUILLAXE**

Cristina Couto	Dame veleno, eu tamén soñar	Sarabela Teatro
Fany Bell	Periferia	Voadora
La Canalla	Game Over	caChuzo

## sinopse dos espectáculos nominados

entre paréntese o número de nominacións

**-Unha primavera para Aldara (9):** Teatro do Atlántico levou sobre as táboas a obra da escritora Teresa Moure, xa recoñecida co XIII Premio Rafael Dieste de Teatro. Na época das grandes loitas irmandiñas, no século XV, as personaxes abordan temas universais como a igualdade de xéneros. A obra está nominada a 9 das 13 categorías: mellor espectáculo, dirección, actriz protagonista, actriz secundaria, texto orixinal, escenografía, iluminación e vestuario.

**-Obra (No Comment) (7):** Producións Teatrais Excéntricas reúne un equipo ás ordes de Quico Cadaval, co engadido da música en directo dun piano de rag-time. Dramaturxia contemporánea, textos irónico-poéticos e a riqueza expresiva do teatro físico nunha obra que recolle 7 nominacións: mellor espectáculo, dirección, actor protagonista, texto orixinal, escenografía, iluminación, música orixinal.

**-Aeroplanos (4):** Lagarta Lagarta pon en escena esta obra que, como define a súa directora, Rosa Álvarez, é “unha comedia de texto, de intriga, idealista, enxeñosa, e de linguaxe sutil”, onde a compañía reflexiona sobre as relacións humanas. Reúne 4 nominacións en 3 das 13 categorías: mellor espectáculo, mellor actor protagonista (con dúas nominacións), mellor adaptación/tradución (con dúas nominacións).

**-A boa persoa de Sesuán (4):** Producida polo Centro Dramático Galego, que versiona o texto que Bertolt Brecht escribira en 1943 e permite redescubrir esta fábula amarga sobre a búsqueda da bondade nunha sociedade corrupta e nun ambiente urbano degradado dominado polas luces de neón. Ten 4 nominacións: mellor actor secundario, mellor actriz secundaria, mellor escenografía e mellor música orixinal.

**-Dame veneno, eu tamén soñar (4):** Da compañía Sarabela Teatro. A propia dramaturga, Ánxeles Acuña, explica que a obra fala dun “escritor de soños que fai un canto a vivir e morrer con dignidade”. Aborda o controvertido tema da eutanasia na liña de teatro comprometido. Acada 4 nominacións nas categorías de mellor actor secundario, escenografía, vestuario e maquillaxe.

**-O club da calceta (3):** A cargo de Teatro do Morcego, María Reimóndez adapta esta obra, que fai emerxer, dende a intriga e a hilaridade, unha reflexión profunda sobre a condición feminina a través de 6 mulleres que acoden a clase de calceta. Ten 3 nominacións en dúas categorías: mellor actriz protagonista e mellor adaptación/tradución.

**-E ti, quen vés sendo? (3):** Trátase dunha comedia de Talía Teatro baseada no clásico O Anfítrión de Plauto, que achega as peripecias dos deuses gregos Xúpiter e Mercurio, facéndose pasar por Anfítrión e Sosica na busca do amor de Alcmena. Concorre aos galardóns con tres nominacións á mellor dirección, actor secundario e texto orixinal.

**-Periferia (2):** A compañía galego-portuguesa Voadora pon en escena Periferia, como primeira parte dunha triloxía, que reflexiona sobre o fracaso desenvolvendo sobre o escenario outras disciplinas como a música e a performance. Reúne dúas nominacións nas categorías de mellor iluminación e maquillaxe.

**-Bailadela da morte ditosa (1):** Teatro de Ningures presenta seis encontros coa morte noutros tantos cadros, dende a fuxida do sufrimento, a soidade e o fracaso, ata abrazala para alimantar outra vida, ou asumila como a fin natural dun traxecto. Opta a un galardón pola súa escenografía.

**-Humor negro (1):** A través de Abada Teatro, Carlos Blanco e Manecas Costa únense nun espectáculo de humor e música que fala da negritude e adopta a lusofonía como nexo dunha cultura, linguaxe e maneira de mirar a realidade. Candidata ao galardón María Casares á mellor música orixinal.

**-Frida (1):** A Internacional recompón a biografía da pintora mexicana Frida Khalo polo lado máis humano empregando a galería de imaxes referenciais que proporciona o universo artístico da pintora. A obra conta cunha nominación na categoría de mellor vestiario.

**-Game Over (1):** A Compañía Cachuzo levou a escena o texto gañador do II Premio Manuel María. Trátase dunha obra de teatro infantil, cualificada de “obra surrealista para nenos”, que conta a viaxe de Roi ao país das súas propias maravillas e medos logo de quedarse durmido fronte a consola. Está nominado a un María Casares na categoría de mellor maquillaxe.

**-Náufragos (1):** Teatro Galileo conta do seu propio espectáculo que é unha obra de amizade, sinceridade, amor e liberdade individual, ademais dunha comedia sobre as relacións de parella nunha illa paradisíaca logo dun naufragio. Goza dunha nominación á mellor tradución/adaptación.



**Ipequeña Comunicación**  
Miriam Alonso: 629 14 07 39  
Juan Luis Rodríguez Cudeiro: 639 60 23 20  
[comunicacion@ipequena.com](mailto:comunicacion@ipequena.com)